



## INDICACIÓNS PARA AS FAMILIAS - INICIO CURSO 24/25

### INICIO DO CURSO

- As actividades lectivas comezarán o **Mércores 11 de Setembro ás 8:45h** para todo o alumnado.
- Acto de presentación do curso académico 9:00h no pavillón. As familias quedan convidadas ao acto de apertura do curso escola.
- Este día as clases rematarán no horario ordinario (15:10h).
- O alumnado agardará no patio superior para ser conducido ao acto de presentación, onde se lle asignará o grupo e titor/a correspondente, seguindo criterios organizativos e pedagóxicos.
- Ese día haberá transporte escolar (rutas e horarios na web do centro).
- **Cafetería:** Iniciamos o curso sen o servizo de cafetería, que xestiona directamente a xunta. Agardamos que ao longo do curso se licite de novo e poidamos ter cafetería. O alumnado debe vir provisto da merenda e almorzar axeitadamente na casa.

### COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

- **Abalar Móbil:** Todas/os os **pais/nais/titores legais do alumnado deben ter instalada** no seu **teléfono móbil** esta aplicación da Consellería de Educación. Poderán **solicitar titorías co profesorado, recibir información, cualificacións das avaliacións, etc.** (Se tedes dificultades, consultade as [guías na web](#) ou chamade ao centro e vos axudaremos).
- Tamén podedes contactar co profesorado e solicitar titorías a través da axenda escolar ou no teléfono do centro.
- O **alumnado** deberá **utilizar a axenda escolar que lle proporciona o centro** para anotar *tarefas, traballos, exames, cualificacións etc..* As **familias** poderedes **supervisalas** na casa e así estar ao tanto do día a día.

### ENTRADAS E SAÍDAS DO ALUMNADO

- O **profesorado** realiza as **gardas de entrada e saída dentro do recinto escolar** polo que o *alumnado debe dirixirse ao interior do mesmo tan pronto chegue. E na saída en caso de ter algunha incidencia dirixirse ao interior do centro e comunicarlle ao profesorado de garda.*
- Ao rematar a xornada lectiva, en caso de choiva, o alumnado pode agardar os autobuses a cuberto na entrada do centro.

### USO DO MÓBIL/DISPOSITIVOS CONECTADOS Á REDE

- A **utilización** de móbil/reloxos intelixentes polo alumnado no centro e nas actividades complementarias e esxtrescolares, está **prohibida**. (*Unicamente poderían utilizarse se un profesor o autoriza con fins educativos*).
- O alumnado non precisa o teléfono móbil para o seu traballo no centro, polo que se recomenda que **NON O TRAIAN AO CENTRO**.
- No centro dispoñen dun teléfono ao que poder chamar as familias en caso de necesidade. En todo caso os **DISPOSITIVOS DEBERÁN ESTAR APAGADOS**.
- [Guías e recomendacións na web do centro](#)

### MATERIAL

- O primeiro día de clase o alumnado unicamente debe traer como material papel e bolígrafo.
- O material deberá ser conseguido ao longo das primeiras semanas do curso.

● **Ordenadores EDIXGAL do alumnado:**

- Son un recurso máis, non o van a utilizar durante todo o tempo. O alumnado tamén terá que escribir a man, realizar resumos esquemas dos temas, etc.
- O **alumnado deberá traer todos os días o seu ordenador Edixgal cargado.**
- Lembrar que é un **préstamo da Consellería** e en caso de **rotura** as **familias deberán correr cos gastos** da reparación. (A consellería ofrece a posibilidade de contratar un seguro). [Toda a información nesta web.](#)
- Para o alumnado novo no centro, os ordenadores do proxecto Edixgal serán entregados nas primeiras semanas.
- Todo o alumnado deberá **traer co seu ordenador portátil:**
  - Uns **auriculares** pequenos con cable.
  - Un **rato** pequeno
  - Un **pen-drive** (memoria externa)



- [Libros de texto:](#) Publicados en xullo na web e na entrada do centro.
- Cada profesor lle especificará ao **alumnado** nos primeiros días de clase o **material** que precisa **en cada materia**, deben **anotalo na axenda que lle entrega o centro**. (Teñen que comezar a ser autónomos)

- Para o alumnado de **1º ESO** poden consultar o material necesario na seguinte táboa.

MATERIAL - 1º ESO		
Asignatura	Material	Observacións
Bioloxía e Xeoloxía	Caderno e boli azul ou negro	Poden compartir caderno con outra materia. PROHIBIDO TIPPEX!
Lengua Castellana	-Cuaderno tamaño A4 <b>sin espiral</b> y rayado. -Una funda multitaladro A4	El cuaderno <u>no puede tener espiral</u> , las hojas que lo forman van unidas con grapas.
Educación Física	- Calzado e roupa deportivo. - Neceser con toalla pequena, xel ou xabón e camiseta para cambiarse.	Non se admite calzado tipo Vans, Converse por non ser axeitado para a práctica de actividade física. Non é necesario traer desodorante, no caso de traelo non se admite tipo aerosol.
Matemáticas	-Caderno tamaño A4 cuadrulado (ou follas soltas para carpesano). - Regra e compás (para certos momentos do curso, cando indique a profesora). - Calculadora científica	No departamento de matemáticas temos varias calculadoras para prestar ao alumnado (non é obrigatorio mercala). De todas formas, recomendamos que o alumnado teña unha para toda a etapa da ESO.
Ciencias Sociais	-Caderno tamaño A4 cuadrulado, con espiral e tapa branda (preferiblemente). -Bolígrafo azul e negro. -2 rotuladores de cores (serven os que o alumno teña na casa).	O caderno debe ser exclusivamente para esta materia.



Francés	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Caderno A4 (preferiblemente cuadriculado).</li> <li>-Auriculares.</li> <li>-Bolígrafo azul e lapis.</li> <li>-Tesoiras, pegamento e ceras ou rotuladores de cores.</li> </ul>	O caderno servirá para os seguintes cursos tamén polo que non se poderá compartir con outra materia.
Lingua Galega	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Caderno A4 tapa branda</li> <li>- Bolígrafos: azul ou negro e vermello ou verde</li> <li>- Funda de plástico multitaladro A4</li> </ul>	O caderno será exclusivo para a materia.
Inglés	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Cuaderno A4 tapa blanda (preferiblemente)</li> <li>-Bolígrafos (azul y rojo) y lápiz</li> <li>-<u>Tijeras y pegamento</u></li> </ul>	El cuaderno será para uso exclusivo de esta asignatura.
Tecnología	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Cuaderno cuadriculado u hojas sueltas cuadriculadas.</li> <li>-Escuadra, cartabón, regla y compás. (Igual que para EPVA- Plástica)</li> <li>-Bolígrafo azul o negro, lápiz y goma.</li> </ul>	El cuaderno puede compartirse con otras asignaturas.
EPVA Plástica	<ul style="list-style-type: none"> <li>- 30 láminas A4 sen marxe.</li> <li>- Escuadra e cartabón (25 cm), cos cantos rectos e sen números.</li> <li>- Regra 30 cm.</li> <li>- Compás (novo e con roda para abrir e pechar)</li> <li>- Afiador para as minas do compás.</li> <li>- Portaminas 0,5 e minas HB.</li> <li>- Lápiz HB, e lápiz 4B,</li> <li>- Goma normal e afialapiz.</li> <li>- Tesoiras e pegamento.</li> <li>- Difumino (tamaño medio)</li> <li>- 1 rotulador negro normal.</li> <li>- 1 rotulador negro permanente.</li> <li>- 12 rotuladores</li> <li>- 24 lápices de cores (ou ceras)</li> <li>- 1 libreta pequena A5 sen anillas (follas brancas)</li> <li>-1 carpeta para gardar todo o material e os traballos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Poñer o nome, apelidos e curso ben visible a todo o material, sobre todo á carpeta, escuadra, cartabón, regra, compás e libreta.</li> <li>- Moito material desta asignatura pódese usar tamén para outras materias, pode gardarse no estuche/estoxo común.</li> <li>- A carpeta con todo o material poden deixalo na clase, nos seus casilleros.</li> </ul>

Un saúdo

A Dirección